

# GUÍA DE USO DA MÁQUINA DE CHAPAS BUTTON PRESS

Nas túas chapas podes utilizar diferentes materiais como **papel, cartón o tea**. As chapas son de 3 tamaños: as pequenas **(25mm)**, as medianas **(de 37m)** e as grandes **(de 58mm)**.

**Fíxate ben en todos os compoñentes da máquina de chapas:**




Se tes o teu deseño preparado xa tes o máis difícil. Agora imos co máis fácil, que é manexar a máquina de chapas.

O primeiro que debes facer é cortar o deseño da chapa. Para iso usa os topes superior e inferior e o cuño da medida correspondente.

A colocación dos topes é moi sinxela. Para trabaxar con maior comodidade xira a parte inferior da máquina de chapas e sácaa cara afóra.

Agora, para colocar os topes basta aproximalos á parte inferior ou superior da máquina de chapas e quedarán ben fixados grazas aos imáns que posúen. (fíxate que encaixen os resaltes/dentes de arriba/abaixo cos ocos do tope correspondente) O tope superior é o de menor diámetro e o inferior é o máis grande.



Tope superior colocado



Tope inferior colocado


### CORTE DO DESEÑO EN PAPEL/CARTÓN O TEA:

Corta un anaco cadrado do papel/ cartón ou tea co deseño e o seu tamaño debe ser o xusto para que non che estorbe ao devolver a parte inferior da máquina á súa posición orixinal. Coloca este anaco cadrado de papel sobre o tope inferior e encima poño o cuño da medida correspondente, moi ben centrado segundo as 4 fendas do cuño.



**OLLO!** Coidado ao manipular os cuños porque teñen unha coitela (non presiones sobre a superficie inferior almofada do cuño porque entrarás en contacto coa coitela).

Devolve a parte inferior da máquina á súa posición orixinal e baixa ben a panca, con forza e sen medo e incluso insistindo, sobre todo co cuño máis grande, ata oír un ou dous clics, para asegurarte que o corte queda perfecto. Co cuño para deseños de 58 mm incluso é aconsellable, logo de subir a panca, xirar o cuño e volver baixar a panca.



Unha vez que se ten o deseño cortado coloca enriba o disco de plástico transparente (acetato) e presiónao coas xemas dos dedos para que queden unidos.

Chega o momento de facer a chapa en dous pasos:



**1º PASO.-PARTE DE ARRIBA DA CHAPA:** retira os topes superior e inferior da máquina e coloca o adaptador superior (TOP) e inferior (BASE) coa medida da chapa que quero facer. Hanse de colocar de tal forma que as letras A queden onde indican as “frechas” brancas (dos laterais) e ademais aliñadas

nunha mesma vertical, tanto abaixo como arriba, cando se coloca a parte inferior da máquina na súa posición orixinal.


Coloca nol interior do adaptador inferior a chapa coa parte lisa cara arriba e pon enriba o deseño e o plástico. Fíxate en que o deseño estea ben aliñado segundo as marcas que hai no adaptador inferior.





Devolve a parte inferior da máquina á súa posición orixinal e baixa a panca con forza. A chapa quedará recuberta co deseño e o plástico pero non a verás de momento porque quedou fixada ao adaptador da parte superior.

**2º.-PARTE DE ABAIXO DA CHAPA:** Agora coloco os dous adaptadores de modo que queden na posición B que sinala a frecha branca



Coloca sobre o adaptador inferior a parte da chapa co imperdible, deixando a apertura deste cara abaixo. O imperdible debe quedar xirado e en perpendicular coa liña que forman as marcas do adaptador.

Devolve a parte inferior da máquina á súa posición orixinal, asegúrate de que as letras B dos adaptadores queden aliñadas e baixa a panca **con moita forza e insistindo**. Verás a túa chapa realizada.

Exactamente así:



**IMPORTANTE:** Recorda que para facer a parte superior da chapa, os adaptadores deben estar na posición A e para facer a parte inferior da chapa os adaptadores deben estar na posición B



Todas as imaxes desta guía son capturas de pantalla do video de ISA.DASNAIS.9,  
**“ BUTTON PRESS!!! COMO USALA E QUE SAIAN DEREITOS OS IMPERDIBLES”**  
 ”